

Casimiro Gómez e o Balneario do Lérez

Xosé Manuel Pereira Fernández
Universidade de Santiago de Compostela.

Casimiro Gómez Cobas nace o 21 de marzo de 1854 no lugar de Mallo, parroquia de Santiago de Viascón, Cotobade. Fillo de Bieito Gómez e Bieita Cobas, mentres que o seu pai aparece na documentación parroquial alternando os oficios de carpinteiro e labrego, a súa nai sempre afirma ser labrega. Casimiro foi o sexto de oito irmáns, tres varóns e cinco mulleres.



Casimiro Gomez

Segundo Echave Durán, na infancia do noso home influíron dun xeito decisivo as exitosas noticias que chegaban á aldea do seu tío Fidel, o cal acadara unha relativa boa posición económica na Arxentina. Sen ter aínda quince anos, Casimiro Gómez sobe nun barco que, teoricamente, debería levalo a Bos Aires a reunirse co seu tío Fidel.

Ora ben, a epidemia de febre amarela que se declarou no barco durante a travesía trastornou os plans iniciais ao obrigar a pasaxe a desembarcar en Río de Xaneiro e impedir as autoridades proseguir a travesía cara a Bos Aires. Cando se recuperou fisicamente grazas á axuda dunha muller a quen a febre amarela arrebatáralle ao seu fillo, Casimiro Gómez comezará a traballar nunha fábrica de coiros, actividade que o vai condicionar de por vida e sobre a que cimentará a súa fortuna.

A experiencia talabarteira brasileira será a actividade que permitirá a Casimiro Gómez saír adiante en Bos Aires. O seu dominio neste traballo vaino pór en contacto con Agustín Palmés, catalán afincado na cidade bonaerense que en 1868 fundara un modesto obradoiro de talabartería e coiro, o cal bautizou co nome de *La Nacional*. Co paso do tempo, Casimiro casa con Dores, filla de Agustín, e mercaralle ao catalán a pequena fábrica. Baixo a dirección de Casimiro Gómez, o obradoiro axiña se converterá nunha das fábricas máis importantes da Arxentina.

Partindo deste pequeno obradoiro de coiros, Casimiro Gómez construírá un emporio que co paso do tempo acadará dimensións multi-continentais. *La Nacional* completábase con outra fábrica que o indiano de Viascón funda na rúa *24 de Noviembre*. O complexo fabril-comercial de Bos Aires ampliouno Casimiro Gómez cara ao ano de 1912 cun novo edificio na rúa *Bernardo de Irigoyen*. De forma paralela, na Pampa adquire tres grandes estancias: *La Nacional*, *Las Delicias* e *Chamaico*, lugares onde vai criar o gando do que obterá as peles que proporcionarán a materia prima ás súas fábricas.

Produtos saídos de *La Nacional* foron *Medalla de Ouro* na *Exposición Internacional de París de 1889*, conseguiron tres premios -sen especificar- na *Exposición Internacional de Chicago de 1893*, e mereceron a *Medalla de Prata* na *Exposición Internacional de Bos Aires de 1899*.

Como veremos posteriormente, o mesmo aconteceu cos produtos saídos de Monte Porreiro -referido tanto ás augas minerais da primeira etapa ligadas ao Balneario, como do gando selecto froito da reconversión á que, posteriormente, someteu á finca-, que serán distinguidos con diplomas e premios nunha serie de exposicións.

O aspecto de activo e emprendedor home de empresa mostrado polo indiano de Cotobade queda patente no feito de que non limitou a súa actividade ao mundo do coiro e a talabartería, senón que tamén o atopamos realizando incursións noutros campos como a de artigos de viaxe e deporte ou de compañías de seguros. Casimiro Gómez tamén formou parte de organizacións como a *Sociedade Rural*, a *Fármaco Argentina*, *La Importadora y Exportadora de la Patagonia*, o *Diario Español*, a *Sociedad Nueva España*, *La Armonía*, a *Sociedad Ganadera*, *La Oriental*, a *Compañía Nacional de Transportes*, a *Liga Agraria*, a *Bolsa de Comercio*, a *Cruz Roja Argentina*, a *Sociedad de Educación Industrial*, o *Comité Nacional de Comercio*, o *Banco Español del Río de la Plata...* Nunha orde de cousas similar, formou parte de sociedades de emigrantes como o *Centro Galego*, a *Sociedad Española de Beneficiencia*, a *Sociedad Española de Socorros Mutuos* ou o *Club Español*. Dende a xunta directiva do *Hospital Español* contribuíu ao sostenemento do *Patronato de la Infancia*. Casimiro Gómez tamén desenvolveu unha activa participación como dirixente das organizacións de empresarios bonaerenses. Neste terreo, destaca o papel que xogou como fundador do *Centro Industrial Argentino* e na potente *Unión Industrial Argentina*, da que chegou a ser presidente.

No verán de 1900, Casimiro Gómez regresa á terra que o vira nacer. Durante a súa estada e contando coa mediación do marqués de Riestra, merca por 100.000 pesetas a finca de Monte Porreiro. Escritura formalizada no despacho do notario Valentín García Escudero o 11 de outubro. Será o 17 de decembro cando a prensa escrita informe de que en Barcelona, procedente de París, Casimiro Gómez e a súa familia embarca cara á Bos Aires. Na segunda metade de agosto de 1903 de novo tense noticia da súa presenza en Pontevedra. As transformacións que estaba acometendo

en Monte Porreiro lévano a formular a conveniencia de realizar unha das obras que máis tempo tardará en ver efectuada: a vía de comunicación que partindo do entorno da Ponte do Burgo, bordeando o Lérez, una a Pontevedra co Balneario de Monte Porreiro, seguindo ata a ferverza existente río arriba. Arteria viaria que cando se inaugure en 1911 bautizará con nome de avenida de Bos Aires en homenaxe á cidade na que construíu a súa inmensa fortuna.

En abril de 1904 o consignatario da *Royal Mail* inglesa, Estanislao Durán, partía de Vigo cara a Bos Aires coa finalidade de casar cunha das fillas de Casimiro Gómez. Deste xeito, de forma definitiva comezaba a asentarse sobre sólidos alicerces un futuro emporio multicontinental.

Ao igual que aconteceu nos dous anos anteriores, Casimiro Gómez regresa de novo a Pontevedra a comezos de setembro de 1907. Nese momento, a súa empresa pontevedresa atopábase no vértice de todas as atencións. Este feito tradúcese en que a súa chegada é saudada polo Ministerio de Fomento do Goberno español. Non Entanto, o momento máis doce dese ano aínda estaba por chegar e tivo lugar cando en outubro as *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"* reciben o **Grande Diploma de Honra** e a **Medalla de Ouro** na **Exposición Internacional de Hixiene** celebrada en Madrid.

Casimiro Gómez concedeu unha grande importancia á publicidade e, en moitos casos, fixo un emprego masivo da mesma para publicitar os seus produtos. A partir de 1908 o Balneario de Monte Porreiro e as *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"*, xunto coa publicidade citada e os folletos que de forma asidua e periódica viron a luz, contaron cunha publicación propia, a revista titulada: **Lérez. Revista ilustrada**. Publicada en Bos Aires polo propio Casimiro Gómez, distribuíase gratuitamente. No seu interior tiñan cabida as informacións e as reportaxes máis variadas. Ora ben, o seu obxectivo central era procurar a maior difusión das *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"*. Nas súas páxinas chegaronse a publicar, de forma masiva, informes e certificados médicos enaltecedores das bondades terapéuticas das citadas augas minerais, subscritos por médicos especialistas tanto españois como estranxeiros.

Coa chegada do ano de 1909, a dilatada consecución dunha vía de comunicación que unise Pontevedra co Balneario do Lerez bordeando o río entra no seu tramo final. Será dous anos despois - un dos máis brillantes da etapa pontevedresa de Casimiro Gómez-, cando o 28 de agosto e formando parte dos actos das Festas da Peregrina, teña lugar a inauguración da avenida de Bos Aires. Ese ano, a chegada do indiano de Viascón a Pontevedra foi anunciada con antelación. Mentres que o Concello acorda recibilo na estación do ferrocarril coa Banda Municipal de Música, a Cámara de Comercio aproba invitar aos seus socios a acudir ao citado lugar a dar a benvinda ao ilustre conveciño. O, para Casimiro Gómez, inolvidable recibimento tivo lugar o 15 de xullo, sendo digno dun film de Berlanga.

Anunciada a inauguración da avenida de Bos Aires coa profusión e ampla difusión dos pormenores do acto que cabía esperar, o acto inaugural destacou pola súa pompa e boato. Finalizado o evento, unha persoa como Casimiro Gómez, profundo coñecedor das posibilidades ofrecidas polas operacións de márketing e imaxe, e das que con grande mestría sabía obter o máximo rendemento, non deixou pasar a oportunidade de facer rendible a inauguración da avenida de Bos Aires. Con estes antecedentes, non sorprende que unha vez rematado o acto enviase respectivos

cablegramas ao Presidente da República Arxentina e, en Bos Aires, o equivalente ao cargo de alcalde español, ademais de comunicar a noticia aos rotativos bonaerenses *Diario Español* e *Prensa e Nación*. Como colofón a tan brillante ano, o Concello acorda, por unanimidade, nomealo **Fillo Adoptivo de Pontevedra** no Pleno celebrado o 29 de agosto.

En xuño de 1909, ante a inminencia do inicio do conflito bélico con Marrocos debido aos incidentes de Melilla-Rif-Gurugú, Casimiro Gómez, nese intre en Bos Aires, adiantándose mesmo á actuación do Gobernador Militar, ordena ao administrador da súa posesión pontevedresa que fixese público o compromiso polo que se mantiña o salario -igual que se estivese traballando o empregado- á familia de todo traballador do complexo *Villa Buenos Aires*-Balneario de Monte Porreiro-Aguas Minero-Medicinales "Lerez" que fose mobilizado a causa do conflito bélico. Será dous días despois cando o Gobernador Militar publique o decreto de mobilización. O conflito bélico semella que sensibilizou dun xeito especial a Casimiro Gómez, pois ao día seguinte da publicación do decreto fai chegar ao seu amigo, o político con mansión no inmediato concello de Poio e naquel momento ex-ministro, Augusto González Besada, unha doazón de 15.000 pesetas para as familias dos soldados mobilizados.



Transporte das augas, edificio administración. J. Pintos, 1908

A liña de actuación completouse uns días despois ao ordenar ao administrador do Balneario de Monte Porreiro o envío de 5.000 botellas de *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"* á fronte bélica.

En 1912, con Casimiro Gómez en Bos Aires, os veciños de A Seca, que o ano anterior mantiñan un contencioso co Concello por pretender o Consistorio pontevedrés apropiarse duns terreos comunais na Xunqueira de A Seca coa finalidade de construír un barrio obreiro, reciben un lavadoiro público erixido ás expensas do natural de Viáscón. Este puxo como condición que non se cobrase ningunha cantidade monetaria ás usuarias pola súa utilización.

A desaparición de noticias de doazóns por parte de Casimiro Gómez a partir de decembro de 1913 parece encaixar coa abrupta cancelación da publicidade de *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"* e o Balneario de Monte Porreiro nos xornais locais a partir de finais de marzo de 1914, aínda que a revista galega da emigración con sede en Bos Aires, *Almanaque Gallego*, segue reflectindo publicidade cando menos ata 1920. A esta situación únese a ausencia de destacadas personalidades que visiten Monte Porreiro, pois, como veremos, será a xira realizada pola infanta Sabela de Borbón a finais de xuño de 1914 a que poña fin ao grande ciclo de visitas. Haberá que esperar ao último día de agosto de 1918 para que o té servido ao ex-sultán de Marrocos, Muley Haffid, en *Villa Buenos Aires* devolva a Monte Porreiro o protagonismo nas páxinas dos xornais.

Cómpre ter presente que co comezo da Primeira Guerra Mundial o mundo dos balnearios galegos entra nunha etapa de escurecemento. Ademais, Echave Durán indica, referíndose aos produtos arxentinos de coiros e talabartería de Casimiro Gómez, que "su floreciente negocio tomó un gran impulso a consecuencia de la Gran Guerra Europea de 1914-1918, durante la cual suministró ingentes cantidades de material de talabartería y cuero a ambos bandos contendientes". Como hipótese entendemos entra dentro do factible formular que ante a existencia dalgún posible problema en Pontevedra, unido á negativa incidencia exercida sobre o mundo dos balnearios galegos polo conflito bélico, Casimiro Gómez optou por asentarse na súa residencia bonaerense ante a atractiva expectativa duns lucrativos negocios como subministrador de material a potencias participantes na citada conflagración bélica mundial.

Se a comezos da década dos anos vinte atopamos de novo ao tándem Gómez-Durán movéndose con toda fluidez polo Atlántico, o 31 de xaneiro de 1920 *El Diario de Pontevedra* informaba dos aparentes problemas que Casimiro Gómez tiña por aquelas datas na Arxentina. Dous anos despois fixa de forma definitiva a súa residencia en Pontevedra. Descoñecendo as vicisitudes do proceso transformador, nos primeiros compases da década dos anos vinte atopamos que Monte Porreiro sufrira unha profunda reconversión nas súas actividades,





Vivenda e parque "Villa Buenos Aires". J. Pintos 1908

actuando agora, fundamentalmente, como granxa experimental. No **Concurso de Gando** organizado pola Deputación de Pontevedra o 1 de novembro de 1925, o indiano de Viascón obtén as primeiras recompensas aos cambios introducidos na súa propiedade pontevedresa, sendo indiscutible o triunfo da Granxa Monte Porreiro. Ao ano seguinte, no contexto dunha óptima participación galega, os porcos da Granxa Monte Porreiro presentados na **Exposición Nacional de Gandos**, celebrada no mes de maio en Madrid, son os que conseguen unha intervención máis destacada ao obter o **Primeiro Premio**.

Asentado definitivamente en Pontevedra, Casimiro Gómez seguiu desenvolvendo unha intensa actividade filantrópica, como o indican as cesións de terreos ao Concello para construír a Escola de Artes e Oficios -nun lateral da actual Praza de Barcelos-, e o cuartel da Garda Civil -na rúa que leva o nome do indiano de Cotobade-, ou o edificio Castro Monteagudo á Deputación para pór en funcionamento o Museo. Home comprometido coa cultura e a educación, contribuíu ao sostemento da escola pública de Viascón, foi protector das Colonias Escolares de Lalín e activo doante de libros de temática americanista á Biblioteca América da Universidade de Santiago de Compostela. Como recompensa a toda a súa traxectoria benefactora, Afonso XIII concedeulle a **Grande Cruz do Mérito Militar con distintivo branco** e nomeouno **Comendador de Sabela a Católica**. Persoa sempre atenta ás innovacións tecnolóxicas, o natural de Cotobade foi un dos promotores da modernización do tranvía que unía Marín con Pontevedra. Casimiro Gómez Cobas morre en Vigo en outubro de 1940.

O BALNEARIO DE MONTE PORREIRO, AS AGUAS MINERO-MEDICINALES "LEREZ" E AS XIRAS POLO LÉREZ

Como queda indicado anteriormente, no ano de 1900, Casimiro Gómez regresa á terra que o vira nacer. O 6 de outubro merca Monte Porreiro, posesión que naquel intre non se atopaba no seu máis óptimo estado de explotación. Retorno e compra coinciden cun momento no que a *moda* termo-balnearia galega inicia un despegue que a levará a acadar unhas cotas de esplendor inimaxinadas ata entón. As iniciativas do indiano de Viascón axiña sacan a Monte Porreiro do letargo en que estivera sumido nos anos anteriores. Ao mesmo tempo, acomete un proceso que levará, o mércores 22 de agosto de 1906, en plenas Festas da Peregrina, á inauguración do Balneario do Lérez. O obxectivo final buscado era conseguir o máximo rendemento na explotación dos mananciais *Monte Porreiro* e *Aceñas*.

As *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"* foron declaradas de utilidade pública mediante Real Orde do 15 de novembro de 1904. As mesmas tiñan a casa central en Bos Aires, localizándose o seu principal mercado en Inglaterra e Sudamérica -de forma maioritaria na República Arxentina-. O éxito que acadaron as citadas augas, xunto coas intensas campañas de publicidade a que foron sometidas, convertiron a Casimiro Gómez en provedor oficial da Casa Real española. As *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"* eran consumidas por hospitais ingleses, americanos e españois, existindo constancia documental de pedidos por parte da Casa Real inglesa.

Os beneficiarios da súa comercialización no mercado británico eran W. J. Balter, J. Cdilliarns e F. W. Wade. Para tal fin creouse a *The Lerez Natural Mineral Water-Company*, sociedade con sede en Southampton e sucursais en Londres e Liverpool. Do éxito acadado polas augas pontevedresas fala o feito de que a mediados de febreiro de 1907 os tres socios ingleses atopábanse en Pontevedra coa intención de incrementar o número de millón e medio de botellas anuais acordadas a dous millóns.

Na publicidade, ás *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"* asignábenselles propiedades curativas do aparello dixestivo, intestinal, renal, fígado, vexiga, hemorroides..., ao tempo que se afirmaba que actuaban favorablemente contra o cancro, reumatismo, artritis, retraimento, diabetes, anemia, desarreglos menstruais da muller, sífilis, tuberculose..., ademais de estimular o apetito. Con todo, no que se facía máis fincapé era na súa extraordinaria *radiactividade* ou *radioactividade* -en función dos diferentes autores-. Segundo os estudos presentados chegaban a superar os 10.000 voltios hora litro, situándoa de forma moi destacada no primeiro posto mundial. Para certificar a veracidade das propiedades recorríase como aval ao estudo realizado polo catedrático da Facultade de Ciencias da Universidade de Madrid don Xosé Muñoz del Castillo. Este científico tamén foi o que acuñou o eslogan publicitario referencial de *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"*:

"Cada gota de agua LEREZ
es una gota de oro para la salud"

O 26 de xaneiro de 1907, por Real Orde, Casimiro Gómez é nomeado provedor da Casa Real española coas súas *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"*. Ao mesmo tempo, autorizábaselle o emprego do escudo das Armas Reais nas facturas e etiquetas das citadas augas minerais. As *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"* viron impulsada a súa popularidade e difusión co nomeamento anterior e a obtención de *Grandes Diplomas de Honra* e *Medallas de Ouro* nas *Exposicións Internacionais de Hixiene e Rexional Galega* celebradas en Madrid e Santiago de Compostela os anos de 1907 e 1909, respectivamente. Na primeira delas, Casimiro Gómez foi felicitado persoalmente por Afonso XIII, prometéndolle o Monarca visitar Monte Porreiro.

Un dos eixos rectores da estratexia de Casimiro Gómez consistiu en conseguir dun elevado número de profesionais da medicina, científicos e personalidades, unha serie de informes favorables sobre os efectos terapéuticos e calidade das *Aguas Minero-Medicinales "Lerez"*. No caso dos pertencentes aos dous primeiros grupos, na súa práctica totalidade foron arxentinos e españois. No apartado de personalidades, atopamos a políticos ligados a Pontevedra, xunto co dramaturgo Echegaray.



Aguas minerales "Lerez" Pontevedra (España)
Gira de Médicos al Establecimiento
Fotografía Plutos

Durante o período que estamos analizando, nas Rías Baixas unha das formas de lecer que gozou de maior éxito foron as xiras en barco. A incomparable beleza dos salóns do Lerez constituíron un lugar de forte atracción, tanto sobre os naturais e veciños da comarca, como dos visitantes. Na prensa escrita do momento resulta doado atopar artigos enalzando ao río, caso do escrito por don Miguel de Unamuno e publicado na portada de *El Diario de Pontevedra* o 30 de novembro de 1912. A posta en funcionamento e a etapa de esplendor do Balneario do Lerez motivou que a práctica totalidade dos visitantes ilustres que durante ese período recaloron en Pontevedra realizaran a “obrigada” xira polo Lerez, acompañada, de forma “inescusable”, da visita a *Villa Buenos Aires* e o Balneario de Monte Porreiro. Existe constancia documental dun considerable número de xiras en barco polo Lerez. Sen embargo, coa intención de non facer inacabable o relato, unicamente recolleemos as de destacadas personalidades.

A mediados de agosto de 1907, Xosé Canalejas concluíu a súa visita a Pontevedra cunha xira en barco polo Lerez e posterior percorrido polo Balneario de Monte Porreiro e *Villa Buenos Aires*. Ao ano seguinte,


a documentación concede un especial protagonismo aos políticos pontevedreses de proxección estatal -ou que sen nacer en Pontevedra tiñan os seus intereses particulares e lugar de residencia na cidade do Lerez ou os seus arredores-. Se o 13 de setembro a familia Montero Ríos é agasallada en Monte Porreiro, o 3 de outubro será Vicente quen visite *Villa Buenos Aires*, sen que exista constancia documental de que se realizase xira en barco neste caso.

En 1910 visitaron Galicia e Monte Porreiro sendos grupos de médicos e xornalistas ingleses, interesados no seu termalismo, balnearios e oferta turística. Por eses anos, o complexo Balneario de Monte Porreiro e Pranta de embotellado de *Aguas Minero-Medicinales “Lerez”-Villa Buenos Aires* recibiu frecuentes visitas de cidadáns ingleses. Se en 1907 estiveron os responsables da *The Lerez Natural Mineral Water-Company*, ao ano seguinte visitaron a posesión pontevedresa de Casimiro Gómez as escritoras inglesas Desmond Deane e Storrs Turner. En setembro de 1909, foi o embaixador de Inglaterra e a súa dona os que recaloron en Monte Porreiro. Ao ano seguinte, mentres que o 6 de abril agasallábase a médicos londinenses, entre eles o do Rei de Inglaterra, o 27 de xullo as atencións as recibían xornalistas ingleses. Algún deles, posteriormente, gabou a beleza de Pontevedra na prensa escrita do seu país.

O domingo 4 de agosto de 1912, as instalacións de Monte Porreiro foron o marco elixido polo veciño de Poio, Alexandre Mon e Landa, para celebrar a consecución da acta de deputado en Cortes pola Cañiza. Dous anos máis tarde, o 10 e xullo, algo máis de tres meses despois de que a publicidade de *Aguas Minero-Medicinales “Lerez”*, dun xeito abrupto, desaparecera dos xornais, a posesión pontevedresa de Casimiro Gómez adquire de novo protagonismo. Neste caso, é a infanta Sabela de Borbón quen, despois de visitar Pontevedra e comer na Caeira na mansión do marqués de Riestra, navega polo Lerez e finaliza a excursión visitando o Balneario do Lerez, a Pranta de embotellado, e *Villa Buenos Aires*. Da crónica, parece extraerse que a fábrica de embotellado seguía funcionando.

Monte Porreiro adquire de novo un destacado protagonismo en 1918 con motivo da visita a Pontevedra do ex sultán de Marrocos, Muley Haffid.

A información sobre a actividade que se estaba desenvolvendo na propiedade de Casimiro Gómez volve a ser contradictoria, pois teoricamente presenta ao balneario e á planta de embotellado funcionando con total normalidade. O 31 de agosto, o ex-sultán de Marrocos, que recorría varios lugares de Galicia, recala en Pontevedra. Un dos actos centrais organizados polo Concello na súa honra foi unha xira en barco polo Lérez que tivo como colofón a visita a Monte Porreiro, lugar onde foi agasallado polo seus donos.



Xira ó Balneario. J. Pintos 1908

Muley Haffid parece ser o último ilustre personaxe que visita o Balneario do Lérez e *Villa Buenos Aires*. Como queda indicado, en 1922 Casimiro Gómez fixa a súa residencia en Pontevedra. A posesión de Monte Porreiro aparece derivada entón a actividades diferentes da termo-balnearia, pero conformando sempre un lugar agradable de visitar. Ao mesmo tempo, os salóns do Lérez seguiron sendo o poético lugar no que as súas repousadas augas atraían tanto a veciños de Pontevedra como aos seus visitantes. Como indicamos con anterioridade, a información reflectida nos xornais en 1925 presenta totalmente reconvertida a actividade de *Villa Buenos Aires*. Nesta nova conxuntura, Casimiro Gómez parece ter abandonado a aventura termo-balnearia, centrando agora as súas inxerencias na gandería e a agricultura.

A nova situación visualízase graficamente no novo nome co que aparece a súa posesión pontevedresa na publicidade: *Granxa Monte Porreiro*.

FONTES / BIBLIOGRAFÍA

- AGUAS BICARBONATADO-SÓDICO-CLORURADAS FLUORADO-LÍTICAS <<LÉREZ>> PROPIEDAD DE CASIMIRO GOMEZ Villa Buenos-Aires. ESPAÑA PONTEVEDRA*, Tipografía de Landín, Pontevedra, 1906
- AGUAS "LÉREZ". Bicarbonatado-Sódicas-Cloruradas y Fluorado-Líticas. Declaradas de Utilidad Pública por Real Orden de 15 de Noviembre de 1904. Premiada en la Exposición Internacional de Higiene celebrada en Madrid, en Octubre de 1907 con Gran Diploma de Honor y Medalla de Oro. Inmejorable Agua de Mesa*, Imprenta de C. Peón & C.ª, Pontevedra [1907-1908].
- ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, Sección, Fondo Parroquial. Parroquia: Santiago de Viascón; Serie: Libros Sacramentais; Data: Bautizados, 1852-1871; Números: 4 e 5.
- ARQUIVO HISTÓRICO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA, Libros de Actas do Pleno. Anos: 1903 a 1925.
- ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, Sección Protocolos Notariais, G 20.108 e G 20.120.
- Céltiga. Revista Gallega. Y de acercamiento Ibero-Americano. Arte, Crítica, Literatura y Actividades*. Bos Aires. Ano de 1925.
- ECHAVE, Cristina, "Balneario del Lérez", *Faro de Vigo*, Vigo, martes 18 de enero de 1994, p. 6.
- ECHAVE DURÁN, Cristina, *O Balneario do Lérez. Memoria gráfica dunha época*, Museo de Pontevedra, Pontevedra, 1997.
- El Áncora. Diario Católico de Pontevedra*, Pontevedra. Ano de 1905.
- El Diario de Pontevedra. Decano de la Prensa de esta Capital*, Pontevedra. Anos de 1900 a 1926.
- El Eco de Galicia. Órgano de los Gallegos Residentes en las Repúblicas Sud-Americanas*, Bos Aires. Anos de 1897 a 1901.
- <http://www.cultura.galega.org/albumdaemigracion>, Casimiro Gómez Cobas. *Entre a pel e a auga: a vida dun home de negocios*.
- La Acción. Periódico de Sociología Ciencia y Arte*, Pontevedra. Ano de 1905.
- La Correspondencia Gallega. Diario de Pontevedra*, Pontevedra. Anos de 1891 a 1914.
- La Justicia. Diario Político*, Pontevedra. Ano de 1888.
- La Unión Republicana. Diario de Pontevedra*, Pontevedra. Ano de 1893
- Lérez. Revista Ilustrada*, Año II, Número 10, Bos Aires, 12 de octubre de 1909.
- Vida Gallega. Ilustración Regional*, Galicia, 1912.